



IL DIVO

Italia, 2008 | 110 min | Drama. Biografía

DIRECTOR Paolo Sorrentino

GUIÓN Paolo Sorrentino

MÚSICA Teho Teardo

FOTOGRAFÍA Luca Bigazzi

INTÉRPRETES Toni Servillo, Anna Bonaiuto, Piera Degli Esposti, Paolo Graziosi, Giulio Bosetti, Fanny Ardant, Flavio Bucci, Carlo Buccirosso, Giorgio Colangeli, Alberto Cracco, Lorenzo Gioielli, Gianfelice Imparato, Massimo Popolizio, Aldo Ralli, Giovanni Vettorazzo

SINOPSE Biografía, composta á maneira dun quebracabezas, do personaxe máis controvertido da vida política italiana da segunda metade do século XX, o demócrata cristián e sete veces presidente do Goberno Giulio Andreotti. A partir do momento no cal Andreotti vai ser finalmente xulgado polas súas relacións coa mafia de Palermo e pola súa vinculación co asasinato do xornalista Mino Pecorelli, o filme vai revisando a súa ascensión política e a súa relación cos feitos máis escuros deses anos: o asasinato de Salvatore Giuliano, o secuestro e a execución de Aldo Moro polas Brigadas Vermellas, a actuación da loxia masónica P-2 ou a voadura do coche do xuíz antimafia Giovanni Falcone.

Cando alguén lles fale da pestilencia da democracia italiana, incapaz de segregar durante vinte anos os anticorpos depuradores de Berlusconi, convén aconsellarlle que mire primeiro o embigo ibérico. E, de paso, que lles boten unha ollada comparativa con España ás decisións da xudicatura italiana nos últimos vinte anos (Andreotti e Berlusconi condenados con sentenza firme) ou ao seu cinema que, no bienio 2006-2007, exsudou dúas vitriólicas e feroces películas, *Il Caimano* (Nanni Moretti) e *Il Divo* (Paolo Sorrentino), que merecen, ao meu entender, un lugar na atalaia da máis temperada e ao tempo feroz cinematografía de demolición política, xa non dunha figura, senón de todo un réxime, o berlusconismo e a Segunda República italiana, respectivamente.

Sorrentino, agora na fala da xente por *La grande bellezza* é, por enriba de todo, o autor desta prodixiosa coreografía do poder como maquinaria de corrupción e morte contada non por un tolo cheo de ruído e de furia, senón por un lúcido e maquiavélico Papa Negro aferrado a unha medida danza entre Maquiavelo e un Ricardo III desinflado de histrionismo aínda que, iso si, tamén con xiba. Giulio Andreotti é Belcebú e Moloch é Il Divo e, desde a súa secuencia inicial, Andreotti (Toni Servillo, actor fetiche de Sorrentino, o Jep Gambardella de *La grande bellezza*), sometido como eccehomo á acupuntura oriental, recoñece que lle envía unha caixa de Optalidón a Mino Pecorelli, o xornalista siciliano ao que mandou executar en 1979, para evitar que saísen á luz os diarios de Aldo Moro, tomamos consciencia de que, segundo a regra de ouro de Cecil B. DeMille, imos asistir a unha obra que comeza co incendio de Roma e, de aí, só pode progresar nun *crescendo*.

Il Divo revela o Sorrentino mestre da montaxe, da composición abraiante de secuencias sempre ao límite, pero aquí si ao servizo dun fin consistente: a desvelación da caixa negra da catástrofe de *La tangentopoli*, a humillante secuencia de crimes de Estado, de tramas conspiratorias, de loxias masónicas, de mafia e alta/baixa política dirixida por Andreotti, non en solitario, pero si como comandante en xefe desa nave infernal chamada Segunda República italiana. Sorrentino destila unha peza onde hai un ordenado espazo para todos os cadáveres no armario de medio século de goberno (isto é o J.F.K. italiano, pero a 78 revolucións por minuto), da bomba na Piazza Fontana de 1969, ao lles deixar facer ás Brigadas Vermellas con Aldo Moro, pasando polo cadáver colgante nunha ponte de Londres do director do Banco Ambrosiano Roberto Calvi; do envelenamento no cárcere do banqueiro da Loxia P-2 Michele Sindona á voadura do coche do superxuíz antimafia Giovanni Falcone, pasando polos asasinatos do xornalista Mino Pecorelli ou do prefecto de Sicilia, Stefano Delle Chiese. Ah, non fai falta que se lea ningún ensaio histórico antes da proxección. Abonda con que sigan o libro de instrucións dun brillante e fastoso Paolo Sorrentino e que non perdan de vista en ningún momento ese áter superego de Andreotti no cal se encarna Toni Servillo, sobre cuxa xiba poden cargar todos os *mortiños*. Mesmo, xa postos, o de Salvatore Giuliano e, se me apuran, o de Manolete.



Como órdago contra o todo, e este todo é a estrutura de poder italiano desde a fin da Segunda Guerra Mundial ata a aparición de Berlusconi a comezos da última década do século, *Il Divo* é un mecanismo de deflagración virtuoso, inatacable, tan sofisticado formalmente coma plétórico de intelixencia política nas súas esaxeracións e nas súas elipses.

Ese *grand guignol* de liturxia clericaloide e fondo gangsteril que foi a Democracia Cristiá vai decapitándose ante os nosos ollos, facendo un hara-kiri que lles canta as corenta aos nosos procuradores franquistas. Porque en *Il Divo*, ademais, o autor da obra non pasa á posteridade como poeta de ningunha transición. Os pecadiños do *diavolo* Andreotti ábreanse en canle, con todo luxo de detalles. E se as formas artísticas son as da opera *magna* sobre o poder infecto, a denuncia da historia non queda atrás: busquen nos fondos editoriais deste país algunha biografía sobre Giulio Andreotti, algún ensaio ao redor da Democracia Cristiá, a estratexia da tensión, as bombas do terrorismo negro, a operación Gladio... Verán que non hai en *stock* en España nin un só volume de literatura histórica ao cal acudir para informarse sobre todas as beldades da violencia de estado, os horrores entre Shakespeare e Leonardo Sciascia que, con ritmo de *cartoon* e precisión de cirurxián, Paolo Sorrentino, o seu cómplice Servillo e o seu malabarista da montaxe cristiá Travaglioli serven nesta obra capital, palabra maior de cinema político sobre a historia italiana da infamia.

SINOPSIS Biografía, compuesta a la manera de un puzzle, del personaje más controvertido de la vida política italiana de la segunda mitad del siglo XX, el democristiano y siete veces presidente del Gobierno, Giulio Andreotti. A partir del momento en el cual Andreotti va a ser finalmente juzgado por sus relaciones con la mafia de Palermo y su relación con el asesinato del periodista Mino Pecorelli, el film va revisando su ascensión política y su relación con los hechos más oscuros de esos años: el asesinato de Salvatore Giuliano, el secuestro y ejecución de Aldo Moro por las Brigadas Rojas, la actuación de la logia masónica P-2 o la voladura del coche del juez antimafia Giovanni Falcone.

Cuando alguien les hable de la pestilencia de la democracia italiana, incapaz de segregar durante veinte años los anticuerpos depuradores de Berlusconi, conviene aconsejarles que se miren primero el ombligo ibérico. Y, de paso, que echen un vistazo comparativo con España a las decisiones de la judicatura italiana en los últimos veinte años (Andreotti y Berlusconi condenados con sentencia firme) o a su cine, que en el bienio 2006-2007 exudó dos vitriólicas y feroces películas, *Il Caimano* (Nanni Moretti) e *Il Divo* (Paolo Sorrentino) que merecen, a mi entender, un lugar en la atalaya de la más atemperada y al tiempo feroz cinematografía de demolición política ya no de una figura, sino de todo un régimen, el *berlusconismo* y la Segunda República italiana, respectivamente.

Sorrentino, ahora en boca de todos por *La grande bellezza*, es, por encima de todo, el autor de esta prodigiosa coreografía del poder como maquinaria de corrupción y muerte contada no por un loco lleno de ruido y de furia, sino por un lúcido y maquiavélico Papa Negro aferrado a una medida danza entre Maquiavelo y un Ricardo III desinflado de histrionismo aunque, eso sí, también con joroba: Giulio Andreotti es Belcebú, Moloch, es *Il Divo*: desde la secuencia inicial en la cual Andreotti (Toni Servillo, actor fetiche de Sorrentino, el Jep Gambardella de *La grande bellezza*), sometido como eccehomo a acupuntura oriental, reconoce haber enviado una caja de Optalidón a Mino Pecorelli, el periodista siciliano al que mandó ejecutar en 1979, para evitar que saliesen a la luz los diarios de Aldo Moro, tomamos consciencia de que, según la regla de oro de Cecil B. DeMille, vamos a asistir a una obra que comienza con el incendio de Roma y, de ahí, solo puede progresar en un *crescendo*.

Il Divo revela al Sorrentino maestro del montaje, de la composición epatante de secuencias siempre al límite, pero aquí sí al servicio de un fin consistente: la develación de la caja negra de la catástrofe de la *tangentopoli*, la apabullante secuencia de crímenes de Estado, de tramas conspiratorias, de logias masónicas, mafia y alta/baja política dirigida por Andreotti, no en solitario pero sí como comandante en jefe de esa nave infernal llamada Segunda República italiana. Sorrentino destila una pieza donde hay ordenado espacio para todos los cadáveres en el armario de medio siglo de

gobierno (esto es el *J.F.K* italiano, pero a 78 revoluciones por minuto), de la bomba en Piazza Fontana de 1969 al dejar hacer a las Brigadas Rojas con Aldo Moro, pasando por el cadáver colgante en un puente de Londres del director del Banco Ambrosiano Roberto Calvi; del envenenamiento en la cárcel del banquero de la Logia P-2 Michele Sindona a la voladura del coche del superjuez antimafia Giovanni Falcone, pasando por los asesinatos del periodista Mino Pecorelli o del prefecto de Sicilia Stefano Delle Chiese. Ah, no hace falta que se lean ningún ensayo histórico antes de la proyección. Basta con que sigan el libro de instrucciones de un brillante, fastuoso, Paolo Sorrentino y que no pierdan de vista en ningún momento a ese álgido superego de Andreotti en el cual se encarna Toni Servillo, sobre cuya joroba pueden cargar todos los *muertecitos*. Incluso, ya puestos, el de Salvatore Giuliano y, si me apuran, el de Manolete.

Como órdago contra el todo, y este todo es la estructura de poder italiano desde el fin de la Segunda Guerra Mundial hasta la aparición de Berlusconi a comienzos de la última década del siglo, *Il Divo* es un mecanismo de deflagración virtuoso, inatacable, tan sofisticado formalmente como pletórico de inteligencia política en sus exageraciones y en sus elipsis.

Ese *grand guignol* de liturgia clericaloide y fondo gangsteril que fue la Democracia Cristiana va decapitándose ante nuestros ojos, haciéndose un harakiri que canta las cuarenta al de nuestros procuradores franquistas. Porque en *Il Divo*, además, el autor de la obra no pasa a la posteridad como poeta de ninguna transición. Los pecadillos del *diavolo* Andreotti se abren en canal, con lujo de detalles. Y si las formas artísticas son las de *opera magna* sobre el poder infecto, la denuncia de la historia no se queda atrás: busquen en los fondos editoriales de este país alguna biografía sobre Giulio Andreotti, algún ensayo en torno a la Democracia Cristiana, la *estrategia de la tensión*, las bombas del terrorismo negro, la Operación Gladio... Verán que no hay en *stock* en España ni un solo volumen de literatura histórica al cual acudir para informarse sobre todas las beldades de la violencia de estado, los horrores entre Shakespeare y Leonardo Sciascia que, con ritmo de *cartoon* y precisión de cirujano, Paolo Sorrentino, su cómplice Servillo y su malabarista del montaje Cristiano Travaglioli sirven en esta obra capital, palabra mayor de cine político sobre la historia italiana de la infamia.

José Luis Losa

